

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

27 de xaneiro de 2023

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señorás/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sra. Presidenta.- Bueno, bo día a todas e a todos. Iniciamos o Pleno ordinario de 27 de xaneiro de 2023.



1.7920.- **ACTA ANTERIOR**

Sra. Presidenta.- Na orde do día, no primeiro punto. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 21 de decembro de 2022. ¿Hai algunha ...? Entendo polo tanto que aprobamos por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 21 de decembro de 2022.

a) Parte resolutiva:

2.7921.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DAS OFICINAS DO ORAL DE VILAGARCÍA E DE TUI (EXPTEs. 2023003174-2021049875)**

Sra. Presidenta.- Pasamos á parte resolutiva. No punto 2. Aprobación inicial do expediente de alteración da cualificación xurídica das oficinas do ORAL de Vilagarcía de Arousa e de Tui. Vexo que non hai intervencións, polo tanto a someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

A Directora de xestión dos servizos do ORAL, a través de escrito de data 06/10/2021 informa que dito servizo ten adscritos varios inmobles propiedade da Deputación que figuran inscritos no Inventario de Bens con natureza xurídica de bens de dominio público para a prestación dos servizos públicos de xestión e recadación de tributos locais que realiza o ORAL nos diferentes concellos da provincia. Entre ditos inmobles figuran dous locais destinados ás oficinas periféricas do ORAL nos Concellos de Vilagarcía de Arousa (Avda. Doctor Tourón nº 46) e de Tui (Rúa Coruña 26) nos que na actualidade non se está a desenvolver dita actividade administrativa do ORAL. Dita actividade administrativa do Servizo ORAL cesou no local de Vilagarcía por orde da Presidencia ditada mediante resolución de data 22 de outubro de 2012 a partir do 1 de decembro de 2012, e no local sito en Tui a partir do 27 de xaneiro de 2020, e que polo tanto estes inmobles non se están a empregar para a prestación do servizo de xestión tributaria e recadación de tributos locais polo que non corresponde manter a súa afectación a dito servizo público. En base ao anterior, propón a súa desafectación co fin de que pola Deputación se dispoña dos citados



bens da forma que conveña á súa xestión patrimonial. A descrición dos inmobles é a seguinte:

a.- OFICINA ORAL DE TUI:

Código inventario:	1.o.000009
Denominación:	Oficina ORAL Tui
Dirección:	Rúa Coruña nº 26 baixo
Concello:	Tui
Natureza xurídica:	Dominio público-servizo público
Referencia catastral	9454007NG2595S0002MK
Uso/destino:	Servizos administrativos
Forma adquisición:	Compravenda
Data adquisición:	11/03/2003
Título dominio:	Escritura de compravenda outorgada pola entidade DIZGUE S.L. a favor del ORAL. Notaría Eduardo Méndez Apenela (Pontevedra). Nº protocolo 1078. Data: 11 de marzo de 2003
Notaría:	D. Eduardo Méndez Apenela (Pontevedra)
Valor de adquisición:	174.293,51€
Rexistro Propiedade:	Tui: Tomo 993 - Libro 217 – Folio 46 – Finca nº 31.356 – Inscripción: 4ª
Ano construción:	1981
Superficie escritura:	93,63 m ²

b.- OFICINA ORAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

Código inventario:	1.o.000011
Denominación:	Oficina ORAL Vilagarcía de Arousa
Dirección:	Avda. Doctor Tourón nº 46 baixo
Concello:	Vilagarcía de Arousa
Natureza xurídica:	Dominio público-servizo público
Referencia catastral	9156013NH1195N0002GH
Uso/destino:	Servizos administrativos
Forma adquisición:	Compravenda
Data adquisición:	08/05/2003
Título dominio:	Escritura de compravenda outorgada por Dª Maria Ferreiros Isorna e outros a favor do ORAL. Notaría Eduardo Méndez Apenela (Pontevedra). Nº protocolo 2.102. Data: 8 de maio de 2003
Notaría:	D. Eduardo Méndez Apenela (Pontevedra)
Valor de adquisición:	174.533,91 €



Rexistro Propiedade:	Vilagarcía de Arousa: Tomo 1.209 – Libro 544- Folio 123– Finca 11.488-Inscripción 5ª
Ano construción:	1976
Superficie escritura:	88 m ²

Resultando que en data 01/12/2021 o deputado delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL resolve incoar expediente administrativo de alteración da cualificación xurídica dos inmobles destinados ás oficinas periféricas do ORAL nos Concellos de Vilagarcía de Arousa (Avda. Doctor Tourón nº 46) e de Tui (Rúa Coruña 26) co fin de cambiar a súa natureza xurídica demanial a patrimonial.

Resultando que en data 27/10/2022 o técnico adxunto á xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio emite informe (CSV: WM316JM6P0RRAVHY), relativo á tramitación previa da depuración física e xurídica dos inmobles con indicación do procedemento aplicable para a tramitación do expediente de alteración da cualificación xurídica.

Resultando que en data 18/11/2022 o Secretario Xeral asina nota de conformidade co informe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio indicado no apartado anterior, de acordo co disposto no artigo 3.4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Resultando que en data 25/11/2022 a Intervención emite informe de fiscalización favorable do expediente (CSV: 4UY1D36DFX6A6QXH) coas seguintes observacións:

“(…) CONCLUSIÓNS: Á vista do exposto, infórmase favorablemente o expediente de desafectación, debendo completarse con carácter previo a acreditación da circunstancia de innecesariedade do ben, no sentido de comprender a totalidade dos servizos provinciais e non unicamente o ORAL, ou no seu defecto, ratificarse polas Deputadas e Deputados delegados no acordo de aprobación plenaria, que recollerá de xeito expreso a innecesariedade e previsión de falta de utilidade dos bens obxecto da desafectación respecto da totalidade de servizos de competencia provincial.

Así mesmo e por razóns de economía procedimental e dilixencia na xestión patrimonial, considérase convinte que se determine e se tramite con carácter simultáneo ou inmediato posterior o expediente de cesión, aluguer ou alleamento que se estime axeitado”.



Visto o informe complementario do técnico adxunto á xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, que conta co visto e praxe da Secretaría Xeral, en relación a ditas observacións que indica o seguinte:

“(...) En relación a esta consideración, faise constar que no informe proposta de inicio do expediente de desafectación a Directora de xestión do ORAL indica que “a actividade do Servizo ORAL cesou no local sito en Vilagarúa por orde da Presidencia ditada mediante resolución de data 22 de outubro de 2012 a partir do 1 de decembro de 2012 e no local sito en Tui a partir do 27 de xaneiro de 2020”. Desde as citadas datas de cese da actividade administrativa do ORAL en ditos locais, non foron utilizados por ningún outro servizo provincial, e non se recibiu no Servizo de Contratación Facenda e Patrimonio ningunha solicitude dos servizos para dispoñer dalgún local en ditas localidades para o desenvolvemento das súas actividades. Así mesmo non consta neste servizo ningunha información nin previsión de uso dos mesmos no futuro para ningún servizo da Deputación.

Polo exposto, tendo en conta a innecesariedade e non previsión de uso dos locais para os servizos da Deputación e os gastos inherentes á titularidade dos mesmos que xera a súa inactividade, semella conveniente rendabilizar os mesmos a través do seu alleamento, aluguer ou cesión, o que deberá determinarse pola Corporación, sendo necesario para tramitar ditos procedementos que os inmobles teñan a cualificación xurídica de bens patrimoniais, o que acredita a oportunidade da desafectación pretendida”.

Considerando o disposto nos artigos 33.2.g) e 47.2.n da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 107.1.g) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, e artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica dos inmobles que se indican a continuación co fin de modificar a súa natureza xurídica de dominio público a patrimonial:

a.- OFICINA ORAL TUI:

Código inventario:	1.o.000009
Denominación:	Oficina ORAL Tui
Dirección:	Rúa Coruña nº 26 baixo
Concello:	Tui
Natureza xurídica:	Dominio público-servizo público
Referencia catastral	9454007NG2595S0002MK
Uso/destino:	Servizos administrativos



Forma adquisición:	Compravenda
Data adquisición:	11/03/2003
Título dominio:	Escritura de compravenda outorgada pola entidade DIZGUE S.L. a favor do ORAL. Notaría Eduardo Méndez Apenela (Pontevedra). N° protocolo 1078. Data: 11 de marzo de 2003
Notaría:	D. Eduardo Méndez Apenela (Pontevedra)
Valor de adquisición:	174.293,51 €
Rexistro Propiedade:	Tui: Tomo 993 - Libro 217 – Folio 46 – Finca n° 31.356 – Inscripción: 4ª
Ano construción:	1981
Superficie escritura:	93,63 m ²

b.- OFICINA ORAL VILAGARCIA DE AROUSA:

Código inventario:	1.o.000011
Denominación:	Oficina ORAL Vilagarcía de Arousa
Dirección:	Avda. Doctor Tourón n° 46 baixo
Concello:	Vilagarcía de Arousa
Natureza xurídica:	Dominio público-servizo público
Referencia catastral	9156013NH1195N0002GH
Uso/destino:	Servizos administrativos
Forma adquisición:	Compravenda
Data adquisición:	08/05/2003.
Título dominio:	Escritura de compravenda outorgada por Dª María Ferreiros Isorna e outros a favor do ORAL Notaría Eduardo Méndez Apenela (Pontevedra). N° protocolo 2.102. Data: 8 de maio de 2003
Notaría:	D. Eduardo Méndez Apenela (Pontevedra)
Valor de adquisición:	174.533,91 €
Rexistro Propiedade:	Vilagarcía de Arousa: Tomo 1.209 – Libro 544- Folio 123– Finca 11.488-Inscripción 5ª
Ano construción:	1976
Superficie escritura:	88 m ²

Segundo.- Someter a información pública este acordo de aprobación inicial do expediente de alteración da cualificación xurídica dos dous inmobles durante un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente e formular as alegacións que estime oportunas.



De conformidade co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, durante o período de exposición pública, estará dispoñible na páxina web da Deputación, no seguinte enlace:

<https://www.depo.gal/transparencia/informacion-xuridica-e-patrimonial/documentos-expostos-a-informacion-publica>

No caso de que non se formulen alegacións durante o referido período de información pública, este acordo de aprobación inicial considerárase elevado a definitivo, levando implícito o mesmo a recepción formal dos bens desafectados como bens patrimoniais, e a súa incorporación ó Patrimonio provincial con dita cualificación xurídica.

3.7922.- **APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA CAÑIZA PARA REALIZAR A ACTUACIÓN “EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA PISCINA MUNICIPAL DA CAÑIZA” AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON, PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO (EXPTE. 2021039818)**

Sra. Presidenta.- No punto 3. Bueno, nos puntos 3, 4, 5 e 6, se trata de aprobacións de modificacións de acordos de concesión. No punto 3 dunha subvención ó Concello da Cañiza; no punto 4 doutra para A Guarda; no punto 5 para o Concello de Meis; e no punto 6 para o Concello de Moaña. Senón hai intervencións neste punto someto cada un deles a votación. Pois sometemos a votación o punto 3. ¿Votos a favor? Aprobado por unanimidade; o punto 4, entendo que tamén o aprobamos por unanimidade; e o punto 5 e o punto 6. Pois quedan aprobados por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello da Cañiza con destino á execución da actuación denominada “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19-



Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

- O orzamento do investimento ascendía a 689.048,95€ e a subvención concedida a 500.776,16€ (72,68%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 188.272,79€ (27,32%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2021000062 de 11/01/2022, aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 13/01/2022.
- Por acordo núm. 2.31187 da Xunta de Goberno do 28/01/2022 concedeuse unha subvención a dito concello por importe de 188.272,79€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa REACPON.(Expte. 2022001119).
- Na data 15/09/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación un proxecto modificado da actuación subvencionada. O orzamento do novo proxecto ascende a 826.733,95€ (814.332,96€ ao aplicar a baixa de adxudicación). O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 6.7859, adoptado na sesión ordinaria do 30/09/2022, aprobou o proxecto modificado. Mediante a resolución presidencial núm. RP2022008253, de 17/11/2022, aprobouse a correspondente Addenda, a cal se asinou o día 15/12/2022.
- Para dar cumprimento ao establecido nas Bases Reguladoras do Programa ReacPon, en canto á obriga dos concellos beneficiarios de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, o Concello informa á Deputación da notificación por parte do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA) da Resolución Definitiva de data 02/12/2022 de concesión dunha axuda ao Concello da Cañiza por un importe de 727.678,69€, dentro da convocatoria do Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos para las Entidades Locales (PIREP local) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), con destino ao financiamento da mesma actuación subvencionada mediante o programa ReacPon (38.044,82€ dos 727.678,69€ da mencionada axuda corresponden a honorarios (redacción de proxecto), partida non incluída na subvención concedida ao abeiro do Programa ReacPon). Dita Resolución



publicouse na data 02/12/2022 na sede electrónica do MITMA.

- Na data 17/01/2023 a Secretaría Xeral informa favorablemente o expediente.
- Na data 17/01/2023, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación relativo á modificación do acordo de concesión para reaxustar o financiamento.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no



Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).

- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.d) da LSG, que establece como obriga do beneficiario comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que houberan



fundamentado a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- Cláusula Sétima do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 18ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que o concello beneficiario obrígase a comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, estatal ou internacional, con expresión da súa contía.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Cláusula Novena do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 20ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que a achega económica prevista no convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe das mesmas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada. A obtención de subvencións doutras Administracións ou de achegas de particulares, suporá a



diminución das achegas do Concello e da Deputación na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumida por estas.

- Cláusula Sexta do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que sinala que non se autorizará o reinvestimento de baixas nin para o mesmo proxecto nin para actuacións complementarias, excepto polo disposto na propia cláusula. Con todo, no caso de existir importes sobrantes, estes reverterán a cada Administración na mesma proporción en que sexan cofinanciados, se ben, cando a parte cofinanciada polo concello proceda do Plan concellos ou algún outro plan ou programa de axudas ou subvencións da Deputación de Pontevedra, unicamente permitirase o reinvestimento noutras actuacións cando o importe sobrance que lle corresponda sexa igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), para o cal deberase tramitar un novo expediente para a súa concesión como subvención nominativa, sen prexuízo da suxeición á normativa aplicable que volverá a rexer os fondos segundo o plan ou programa do que proveñan.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que a modificación se tramita antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que coa mesma non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.



Á vista dos gastos elixibles da actuación “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza” subvencionados polo MITMA ao abeiro do PIREP local, e mantendo as porcentaxes asumidas pola Deputación e o Concello, o financiamento da actividade subvencionada distribúese do seguinte xeito:

Orzamento total da actuación:	814.332,96 €	
Aportación inicial da Deputación (REACPON)	500.776,16 €	
Porcentaxe aportación Deputación	61,50%	
Aportación do Concello	313.556,80 €	
Porcentaxe aportación Concello	38,50%	
Subvención MITMA (PIREP):	727.678,69 €	
Honorarios	38.044,82 €	
Subvención MITMA restando honorarios	689.633,87 €	
Importe restante a cofinanciar :	124.699,09 €	
Mantendo as porcentaxes de financiamento		
	Achega	Porcentaxe
Deputación	76.684,03 €	61,50%
Concello	48.015,06 €	38,50%
Total	124.699,09 €	100,00%

Conforme á anterior táboa, a diferenza resultante entre a subvención inicialmente concedida pola Deputación (500.776,16€) e a subvención reaxustada (76.684,03€), que ascende a 424.092,13€, deixarase de dispoñer, no seu caso, do préstamo contraído. Así mesmo, a modificación do financiamento suporá a modificación do Convenio, mediante a correspondente addenda, que recollerá o reaxuste das achegas entre a Deputación e o Concello.

Así mesmo, a cantidade financiada a través do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022), redúcese de 188.272,79€ a 28.830,28€.

Á vista do reaxuste orzamentario, tramitaranse os expedientes que correspondan para o reintegro á Deputación das cantidades correspondentes.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 16/01/2023 (CSV: 0VWRPHFLBN3ZFCYI), o informe da Secretaría Xeral de 17/01/2023 (CSV:



6NJNC5TY030KKAMJ), a dilixencia de conformidade de Intervención de 17/01/2023 (CSV: 842OH83DJE3340K0), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 20/01/2023 (CSV: 4YIDI1TKD6WJBXSJ) o Pleno acorda por unanimidade:

- A aprobación da modificación do acordo de concesión dunha subvención ao Concello da Cañiza para realizar a actuación “Execución de rehabilitación enerxética da piscina municipal da Cañiza”, ao abeiro do Programa ReacPon, para reaxustar o financiamento.

A modificación do presente acordo suporá a modificación do Convenio, mediante a sinatura da correspondente addenda, a realización das operacións oportunas para minorar a disposición do préstamo contraído e a tramitación dos expedientes que correspondan para o reintegro á Deputación das cantidades que procedan.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello da Cañiza, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

4.7923.- **APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA GUARDA PARA REALIZAR A ACTUACIÓN “EXECUCIÓN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DA SANGRIÑA” AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON, PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO (EXPTE. 2021040003)**

A votación deste punto realízase conxuntamente cos puntos 3, 5 e 6, ao comezo do punto 3, e unha vez sometido a votación pola Sra. Presidenta apróbase por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello da Guarda, con destino á execución da actuación denominada “Execución de



reforma e ampliación do pavillón polideportivo da Sangriña”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19- Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

- O orzamento do investimento ascendía a 1.674.023,95€ e a subvención concedida a 609.672,74€ (36,42%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.064.351,21€ (63,58%).
- Na data 04/01/2022, posteriormente emendado o 11/01/2022, o Concello presenta no Rexistro da Deputación un proxecto reformulado do proxecto inicial da actuación subvencionada, no que o orzamento se incrementa ata o importe de 1.870.667,53€. O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 5.7748, adoptado na sesión ordinaria do 25/02/2022, prestou conformidade ao proxecto reformulado. O orzamento do investimento ascende a 1.870.667,53€, a subvención concedida, que non varía, ascende a 609.672,74€ (32,59%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.260.994,79€ (67,41%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022001604 de 03/03/2022, aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 05/03/2022.
- Para dar cumprimento ao establecido nas Bases Reguladoras do Programa ReacPon, en canto á obriga dos concellos beneficiarios de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, o Concello informa á Deputación da notificación por parte do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA) da Resolución Definitiva de data 02/12/2022 de concesión dunha axuda ao Concello da Guarda por un importe de 385.754,11€, dentro da convocatoria do Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos para las Entidades Locales (PIREP local) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), con destino ao financiamento da mesma actuación subvencionada mediante o programa ReacPon (14.023,48€ dos 385.754,11€ da mencionada axuda corresponden a honorarios, partida non incluída na subvención concedida ao abeiro do



Programa ReacPon). Dita Resolución publicouse na data 02/12/2022 na sede electrónica do MITMA.

- Na data 17/01/2023 a Secretaría Xeral informa favorablemente o expediente.
- Na data 17/01/2023, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación relativo á modificación do acordo de concesión para reaxustar o financiamento.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento



Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.



- Artigo 11.d) da LSG, que establece como obriga do beneficiario comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que houberan fundamentado a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Cláusula Sétima do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Guarda para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 18ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que o Concello beneficiario obrígase a comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, estatal ou internacional, con expresión da súa contía.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Cláusula Novena do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Guarda para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 20ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que a achega económica prevista no convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, outorgadas por



esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe das mesmas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada. A obtención de subvencións doutras Administracións ou de achegas de particulares, suporá a diminución das achegas do Concello e da Deputación na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumida por estas.

- Cláusula Sexta do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Guarda para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 17ª das Bases Regulatoras do Programa ReacPon, que sinala que non se autorizará o reinvestimento de baixas nin para o mesmo proxecto nin para actuacións complementarias, excepto polo disposto na propia cláusula. Con todo, no caso de existir importes sobrantes, estes reverterán a cada Administración na mesma proporción en que sexan cofinanciados, se ben, cando a parte cofinanciada polo concello proceda do Plan concellos ou algún outro plan ou programa de axudas ou subvencións da Deputación de Pontevedra, unicamente se permitirá o reinvestimento noutras actuacións cando o importe sobrante que lle corresponda sexa igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), para o cal se deberá tramitar un novo expediente para a súa concesión como subvención nominativa, sen prexuízo da suxeición á normativa aplicable que volverá a rexer os fondos segundo o plan ou programa do que proveñan.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que a modificación se tramita antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que coa mesma non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para



a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Á vista dos gastos elixibles da actuación “Execución de reforma e ampliación do pavillón polideportivo da Sangriña” subvencionados polo MITMA ao abeiro do PIREP local, e mantendo as porcentaxes asumidas pola Deputación e o Concello, o financiamento da actividade subvencionada distribúese do seguinte xeito:

Orzamento total da actuación:	1.870.667,53€	
Aportación inicial da Deputación (REACPON)	609.672,74€	
Porcentaxe aportación Deputación	32,59%	
Aportación do Concello	1.260.994,79€	
Porcentaxe aportación Concello	67,41%	
Subvención MITMA (PIREP):	385.754,11€	
Honorarios	14.023,48€	
Subvención MITMA restando honorarios	371.730,63€	
Importe restante a cofinanciar :	1.498.936,90€	
Mantendo as porcentaxes de financiamento		
	Achea	Porcentaxe
Deputación	488.521,32€	32,59%
Concello	1.010.415,58€	67,41%
Total	1.498.936,90€	100,00%

Conforme á anterior táboa, a diferenza resultante entre a subvención inicialmente concedida pola Deputación (609.672,74€) e a subvención reaxustada (488.521,32€), que ascende a 121.151,42€, deixarase de dispoñer, no seu caso, do préstamo contraído. Así mesmo, a modificación do financiamento suporá a modificación do Convenio, mediante a correspondente addenda, que recollerá o reaxuste das achegas entre a Deputación e o Concello.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 16/01/2023 (CSV: JIO2E8DCLR4E0U4O), o informe da Secretaría Xeral de 17/01/2023 (CSV: 6V52R95HP8U4KU94), a dilixencia de conformidade de Intervención de



17/01/2023 (CSV: HEYZ7PZM3KG5UWKY), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 20/01/2023 (CSV: 4QOHG8UF39KDIQZ8), o Pleno acorda por unanimidade:

- A aprobación da modificación do acordo de concesión dunha subvención ao Concello da Guarda para realizar a actuación “Execución de reforma e ampliación do Pavillón Polideportivo da Sangriña”, ao abeiro do Programa ReacPon, para reaxustar o financiamento.

A modificación do presente acordo suporá a modificación do Convenio, mediante a sinatura da correspondente addenda, e a realización das operacións oportunas para minorar a disposición do préstamo contraído.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello da Guarda, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

5.7924.- **APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MEIS PARA REALIZAR A ACTUACIÓN “REHABILITACIÓN DE CENTRO DEPORTIVO PARA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E CONDICIÓNS DE SALUBRIDADE” AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON, PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO (EXPTE. 2021039844)**

A votación deste punto realízase conxuntamente cos puntos 3, 4 e 6, ao comezo do punto 3, e unha vez sometido a votación pola Sra. Presidenta apróbase por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Meis con destino á execución da actuación denominada “Rehabilitación de centro deportivo para a mellora da eficiencia enerxética e condicións de salubridade”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19- Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra



Provincia).

- O orzamento do investimento ascendía a 507.715,49€ e a subvención concedida a 431.558,17€ (85%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 76.157,32€ (15%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2021007769 de 27/12/2021 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 11/01/2022.
- Por acordo núm. 10.31387 da Xunta de Goberno do 04/03/2022 concedeuse ao Concello de Meis unha subvención de 76.157,32€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon (Expte. 2022003838).
- Para dar cumprimento ao establecido nas Bases Reguladoras do Programa ReacPon, en canto á obriga dos concellos beneficiarios de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, na data 31/10/2022 o Concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro 2022024923) a comunicación da Resolución provisional do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA) proponendo unha subvención para o Concello de Meis por un importe de 388.603,93€, dentro da convocatoria do Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos para las Entidades Locales (PIREP local) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), e na data 21/12/2022 o Concello presenta (núm. rexistro 2022028335) a notificación da Resolución Definitiva de data 02/12/2022 de concesión do importe indicado, con destino ao financiamento da mesma actuación subvencionada mediante o programa ReacPon e a solicitude da modificación do Convenio para o reaxuste das aportacións.
- Na data 16/01/2023 a Secretaría Xeral informa favorablemente o expediente.
- Na data 16/01/2023, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación relativo á modificación do acordo de concesión para reaxustar o



financiamento.

- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.d) da LSG, que establece como obriga do beneficiario comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que houberan fundamentado a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- Cláusula Sétima do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meis para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 18ª das Bases Reguladoras do



Programa ReacPon, que establece que o Concello beneficiario obrígase a comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, estatal ou internacional, con expresión da súa contía.

- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Cláusula Novena do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meis para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 20ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que a achega económica prevista no convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe das mesmas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada. A obtención de subvencións doutras Administracións ou de achegas de particulares, suporá a diminución das achegas do Concello e da Deputación na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumida por estas.
- Cláusula Sexta do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meis para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 17ª das Bases Reguladoras do



Programa ReacPon, que sinala que non se autorizará o reinvestimento de baixas nin para o mesmo proxecto nin para actuacións complementarias, excepto polo disposto na propia cláusula. Con todo, no caso de existir importes sobrantes, estes reverterán a cada Administración na mesma proporción en que sexan cofinanciados, se ben, cando a parte cofinanciada polo concello proceda do Plan Concellos ou algún outro plan ou programa de axudas ou subvencións da Deputación de Pontevedra, unicamente se permitirá o reinvestimento noutras actuacións cando o importe sobrante que lle corresponda sexa igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), para o cal se deberá tramitar un novo expediente para a súa concesión como subvención nominativa, sen prexuízo da suxeición á normativa aplicable que volverá a rexer os fondos segundo o plan ou programa do que proveñan.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que a modificación se tramita antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que coa mesma non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Á vista dos gastos elixibles da actuación “Rehabilitación de centro deportivo para a mellora da eficiencia enerxética e condicións de salubridade” subvencionados polo MITMA ao abeiro do PIREP local, e mantendo as porcentaxes asumidas pola Deputación e o Concello, o financiamento da actividade subvencionada distribúese do seguinte xeito:

Orzamento total da actuación:	507.715,49€
-------------------------------	-------------



Aportación inicial da Deputación (REACPON)	431.558,17€	
Porcentaxe aportación Deputación	85,00%	
Aportación inicial do Concello	76.157,32€	
Porcentaxe aportación Concello	15,00%	
Subvención MITMA (PIREP):	388.603,93€	
Importe restante a cofinanciar:	119.111,56€	
Mantendo as porcentaxes de financiamento		
	Achega	Porcentaxe
Deputación	101.244,83€	85,00%
Concello	17.866,73€	15,00%
Total	119.111,56€	100,00%

Conforme á anterior táboa, a diferenza resultante entre a subvención inicialmente concedida pola Deputación (431.558,17€) e a subvención reaxustada (101.244,83€), que ascende a 330.313,34€, deixarase de dispoñer, no seu caso, do préstamo contraído. Así mesmo, a modificación do financiamento suporá a modificación do Convenio, mediante a correspondente addenda, que recollerá o reaxuste das achegas entre a Deputación e o Concello.

Así mesmo, a cantidade financiada a través do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022), redúcese de 76.157,32€ a 17.866,73€, resultando un importe sobrance de 58.290,59€, que deberá ser obxecto de un expediente de modificación de crédito para, no seu caso, tramitar a posterior concesión dunha subvención nominativa.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 16/01/2023 (CSV: CZK42DDVH8OGSFDR), o informe da Secretaría Xeral de 16/01/2023 (CSV: 1RYW584HGUYS812N), a dilixencia de conformidade de Intervención de 16/01/2023 (CSV: GKT01GFKMFF83S7E), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 20/01/2023 (CSV: 48MA7X8WW0EMRTUD), o Pleno acorda por unanimidade:

- A aprobación da modificación do acordo de concesión dunha subvención ao Concello de Meis para realizar a actuación “Rehabilitación de centro deportivo para a mellora da eficiencia enerxética e condicións de



salubridade”, ao abeiro do Programa ReacPon, para reaxustar o financiamento.

A modificación do presente acordo suporá a modificación do Convenio, mediante a sinatura da correspondente addenda e a realización das operacións oportunas para minorar a disposición do préstamo contraído e, no seu caso, as encamiñadas á posterior concesión dunha subvención nominativa.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Meis, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.7925.- **APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA PARA REALIZAR A ACTUACIÓN “REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DO CONCELLO VELLO DE MOAÑA” AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON, PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO (EXPTE. 2021039970)**

A votación deste punto realízase conxuntamente cos puntos 3, 4 e 5, ao comezo do punto 3, e unha vez sometido a votación pola Sra. Presidenta apróbase por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Moaña con destino á execución da actuación denominada “Rehabilitación do edificio do Concello Vello de Moaña”, ao abeiro do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19- Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 1.160.815,50€ e a subvención concedida a 870.611,62€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 290.203,88€ (25%).
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a



resolución presidencial núm. RP2022000336 de 20/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 26/01/2022.

- Por acordo núm. 6.31229 da Xunta de Goberno do 04/02/2022 concedeuse ao Concello de Moaña unha subvención de 290.203,88€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon (Expte. 2022000386).
- Para dar cumprimento ao establecido nas Bases Reguladoras do Programa ReacPon, en canto á obriga dos concellos beneficiarios de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade, o Concello informa á Deputación da notificación por parte do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana (MITMA) da Resolución Definitiva de data 02/12/2022 de concesión dunha axuda ao Concello de Moaña por un importe de 487.741,94€, dentro da convocatoria do Programa de Impulso a la Rehabilitación de Edificios Públicos para las Entidades Locales (PIREP local) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), con destino ao financiamento da mesma actuación subvencionada mediante o programa ReacPon (9.135,43€ dos 487.741,94€ da mencionada axuda corresponden a honorarios, partida non incluída na subvención concedida ao abeiro do Programa ReacPon). Dita Resolución publicouse na data 02/12/2022 na sede electrónica do MITMA.
- Na data 16/01/2023 a Secretaría Xeral informa favorablemente o expediente.
- Na data 16/01/2023, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación relativo á modificación do acordo de concesión para reaxustar o financiamento.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDDEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.d) da LSG, que establece como obriga do beneficiario comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que houberan fundamentado a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Cláusula Sétima do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Moaña para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 18ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que o Concello beneficiario obrígase a comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra



Administración ou ente público ou privado, estatal ou internacional, con expresión da súa contía.

- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Cláusula Novena do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Moaña para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 20ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que establece que a achega económica prevista no convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe das mesmas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada. A obtención de subvencións doutras Administracións ou de achegas de particulares, suporá a diminución das achegas do Concello e da Deputación na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumida por estas.
- Cláusula Sexta do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Moaña para a execución da actuación subvencionada, en concordancia coa Base 17ª das Bases Reguladoras do Programa ReacPon, que sinala que non se autorizará o reinvestimento de baixas nin para o mesmo proxecto nin para actuacións complementarias, excepto polo disposto na propia cláusula. Con todo, no caso de existir importes sobrantes, estes reverterán a cada Administración na mesma proporción en que sexan cofinanciados, se ben, cando a parte cofinanciada polo concello proceda do Plan Concellos ou algún outro plan ou programa de axudas ou subvencións da Deputación de Pontevedra, unicamente se permitirá o reinvestimento noutras actuacións cando o importe sobrance que lle



corresponda sexa igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00 €), para o cal se deberá tramitar un novo expediente para a súa concesión como subvención nominativa, sen prexuízo da suxeición á normativa aplicable que volverá a rexer os fondos segundo o plan ou programa do que proveñan.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2022, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que a modificación se tramita antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacon e que coa mesma non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Á vista dos gastos elixibles da actuación “Rehabilitación do edificio do Concello Vello de Moaña” subvencionados polo MITMA ao abeiro do PIREP local, e mantendo as porcentaxes asumidas pola Deputación e o Concello, o financiamento da actividade subvencionada distribúese do seguinte xeito:

Orzamento total da actuación:	1.160.815,50€
Aportación inicial da Deputación (REACPON)	870.611,62€
Porcentaxe aportación Deputación	75,00%
Aportación do Concello	290.203,88€
Porcentaxe aportación Concello	25,00%
Subvención MITMA (PIREP):	487.741,94€
Honorarios	9.135,43€
Subvención MITMA restando honorarios	478.606,51€
Importe restante a cofinanciar :	682.208,99€



Mantendo as porcentaxes de financiamento		
	Achega	Porcentaxe
Deputación	511.656,74€	75,00%
Concello	170.552,25€	25,00%
Total	682.208,99€	100,00%

Conforme á anterior táboa, a diferenza resultante entre a subvención inicialmente concedida pola Deputación (870.611,62€) e a subvención reaxustada (511.656,74€), que ascende a 358.954,88€, deixarase de dispoñer, no seu caso, do préstamo contraído. Así mesmo, a modificación do financiamento suporá a modificación do Convenio, mediante a correspondente addenda, que recollerá o reaxuste das achegas entre a Deputación e o Concello.

Así mesmo, a cantidade financiada a través do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022), redúcese de 290.203,88€ a 170.552,25€, resultando un importe sobrante de 119.651,63€, que deberá ser obxecto de un expediente de modificación de crédito para, no seu caso, tramitar a posterior concesión dunha subvención nominativa.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 16/01/2023 (CSV: AM0V87ZW83564D9N), o informe da Secretaría Xeral de 16/01/2023 (CSV: UBA4XN5K2QKHMX89), a dilixencia de conformidade de Intervención de 16/01/2023 (CSV: P0IVC4JIACZ0HPPX), e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de data 20/01/2023 (CSV: 4Y6ICQYWEX3F0FD3), o Pleno acorda por unanimidade:

- A aprobación da modificación do acordo de concesión dunha subvención ao Concello de Moaña para realizar a actuación “REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DO CONCELLO VELLO DE MOAÑA”, ao abeiro do Programa ReacPon, para reaxustar o financiamento.

A modificación do presente acordo suporá a modificación do Convenio, mediante a sinatura da correspondente addenda e a realización das operacións oportunas para minorar a disposición do préstamo contraído e, no seu caso, as encamiñadas á posterior concesión dunha subvención nominativa.



- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Moaña, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.7926.- **APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPT. 2021025615)**

Sra. Presidenta.- No punto 7. Aprobación da prórroga do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-covid-19. Doulle a palabra para que brevemente o explique o responsable de Cooperación, o Sr. Santos Héctor.

Sr. Rodríguez Díaz.- Gracias Presidenta. Bo día a todas e a todos. O Pleno da Deputación celebrado en maio do ano pasado aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Programa Reacpon, que meses máis tarde se modificaron para incrementar o financiamento do Programa que nos permitiu chegar a conceder a subvención. En decembro, o Pleno da Deputación aprobou a concesión de subvencións a 47 concellos para a execución doutros tantos proxectos. Mais certas dificultades administrativas derivadas da necesidade de obter as autorizacións necesarias para a execución das obras, tamén o incremento xeneralizado dos prezos e as inclemencias meteorolóxicas dos últimos meses, están a provocar problemas nas licitacións dalgunhas obras que están en execución, tamén a falta de materiais. Polo tanto, amosamos así a nosa sensibilidade diante dos concellos da provincia xa que as diferentes casuísticas non son responsabilidade dos concellos senón de cousas axeas e sobrevenidas. Con todo caso, temos que sinalar que certas administracións, que outras administracións non teñen esta sensibilidade, de feito hai concellos que están a ter que devolver subvencións se non ven rematadas as obras no tempo establecido. Nós creemos que hai que cumprir cos prazos pero tamén somos conscientes de que hai situacións imprevisibles que obrigan a facilitar a execución dos proxectos en cada concello. Moitas gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Santos. Como non hai máis intervencións pois someto este punto 7 da orde do día. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.



O Pleno da Deputación, na sesión extraordinaria do día 28/05/2021, mediante o acordo núm. 7.7624, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-covid-19. Programa REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA), en diante Plan REACPON, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 102, de 01/06/2021. Este plan ideouse para dotar de infraestruturas resilientes, innovadoras, igualitarias e sostibles a todo o territorio provincial. Trátase, principalmente, de garantir os principios de solidariedade, equilibrio e cohesión territorial naquelas zonas do territorio provincial con déficit de infraestruturas e servizos ou con maiores dificultades para acceder aos mesmos.

O Plan REACPON ten como beneficiarios a 45 concellos da provincia con poboación inferior a 50.000 habitantes, e estruturouse en tres liñas de actuación.

Liña 1: Actuacións de rehabilitación de edificacións e instalacións municipais para usos social, cultural, deportivo, turístico e de lecer, etc.

Liña 2: Actuacións que supoñían a construción de novos equipamentos de dotacións, con edificacións ou instalacións sostibles e intelixentes.

E Liña 3: Actuacións que supoñían a recuperación de espazos urbanos co obxectivo de darlles un uso plural, amable e de fomentar a estancia e mobilidades alternativas en consonancia co Plan Ágora.

O Plan REACPON dotouse cun importe inicial de 20.000.000,00 euros, na aplicación orzamentaria 2021/942.9425.762.75; posteriormente suplementada en 6.334.918,89 euros, en virtude do acordo plenario núm. 8.7706, de 26/11/2021, o que supuxo un financiamento total por parte da Deputación de 26.334.918,89 euros.

Así mesmo, a base 16ª das reguladoras, relativa á execución dos investimentos fixou un prazo de execución ata o 30/04/2023 e de xustificación de cinco meses desde a súa finalización (determinada pola data máxima da certificación final ordinaria), sen exceder, en todo caso, do 30/09/2023.



Mais, os investimentos propostos polos concellos, ao abeiro do Plan REACPON, están suxeitos a certas dificultades administrativas derivadas da súa envergadura e do proceso para obter as autorizacións necesarias para a execución das obras (nesta situación atopáronse, entre outros, os concellos de Covelo (Expte. 2021039830), Nigrán (Expte. 2021039567), Pontecesures (Expte. 2021040023), Redondela (Expte. 2021040015), Salvaterra de Miño (Expte. 2021039100) e Tui (Expte. 2021039784), tendo incluso algún deles que reformular o proxecto técnico presentado no momento da concesión).

A dilación na obtención das licenzas e dos permisos necesarios, está a provocar retrasos no desenvolvemento dos investimentos subvencionados, polo que se estima conveniente estender o prazo de execución e, consecuentemente, tamén o de xustificación, co fin de garantir que os concellos dispoñan do tempo suficiente para xestionar a realización das actuacións subvencionadas cumprindo coas cautelas impostas pola normativa vixente.

A experiencia destes últimos anos evidencia o notable incremento na complexidade da xestión destes expedientes, que depende tanto do acerto das entidades interesadas na presentación da documentación coma da axilidade dos entes encargados de emitir as autorizacións sectoriais.

Por outra banda, debe terse en conta que os beneficiarios das axudas son os concellos de menos de 50.000 habitantes e, polo tanto, aqueles con maiores carencias en materia de xestión. A falta de persoal unido á obriga de velar pola correcta aplicación da lexislación, en materia de termos e prazos, para promover a concorrncia na contratación pública, sobre todo en proxectos de gran contía económica como os que están acollidos no Plan REACPON, está a dilatar os tempos nas fases de preparación e adxudicación dos contratos, e a minorar o tempo dispoñible na fase de execución.

Así mesmo, tras o descenso experimentado no ano 2020, en 2021 os prezos das materias primas empezaron a subir con forza nun contexto de recuperación económica. Esta alza no custo das materias primas que resultan necesarias para a execución de certas unidades de obra repercutiu de maneira moi intensa nos contratos dos investimentos.

A todo isto, hai que engadir os efectos da invasión de Ucraína, que está a provocar o desabastecemento dos mercados, o encarecemento das materias



primas e da enerxía, riscos pola falta de pagamentos, execución de avais, paradas na produción e tensión nos fluxos de caixa.

Nun contexto de inestabilidade como o que estamos a vivir, a execución dun número moi significativo de contratos públicos está paralizada. Os contratistas están a evidenciar como se altera fortemente a economía dos contratos por mor do extraordinario incremento dos custos, incremento que non era previsible no momento da licitación e que está a retrasar as execucións dos investimentos (Bueu (Expte. 2021040028) ou Sanxenxo (Expte. 2021039815), entre outros), e a provocar que algúns dos procedementos de contratación queden desertos (como é o caso de Mondariz (Expte. 2021039565) e Cerdedo-Cotobade (Expte. 2021039977), este último incluso tivo que renunciar á subvención por non poder soportar o incremento dos custos) e que os concellos teñan que buscar formas de financiamento adicional.

Así mesmo, as inclemencias meteorolóxicas dos últimos dous meses están a provocar atrasos na execución dos traballos (entre outros, Crecente (Expte. 2021039787), A Estrada (Expte. 2021039768), O Grove (Expte. 2021039822), Lalín (Expte. 2021039831), Meis (Expte. 2021039844), Poio (Expte. 2021040000), Ponte Caldelas (Expte. 2021038372), Silleda (Expte. 2021039569), Tomiño (Expte.2021039754)).

Como consecuencia de todo isto, a día de hoxe, soamente en torno a un 10% dos Concellos remataron por completo as obras.

A magnitude e o carácter imprevisible da alza experimentada nos últimos meses aconsellan prorrogar o Plan REACPON para que os concellos poidan readaptar, na medida do posible, os seus proxectos aos prezos de mercado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A finalidade do Plan REACPON é a axuda económica aos pequenos municipios para executar proxectos de obras de gran envergadura a fin de suplir as súas carencias en infraestruturas e dotacións, polo que a extinción do programa debe producirse no momento que se realizou o investimento que fundamentou a concesión da axuda. Cómpre lembrar que, de acordo co artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións debe acomodarse ao principio de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola



Administración outorgante. Deste modo a non autorización da prórroga do Plan ocasionaría a execución incompleta e deficiente das obras incluídas no mesmo, o que iría en detrimento dos fins perseguidos co programa.

Neste sentido, circunstancias sobrevidas e imprevisibles coñecidas por todos e non imputables á actuación da Deputación e dos concellos beneficiarios están a producir retrasos na execución das obras incluídas no plan, licitacións que quedan desertas e, nalgúns casos, resolucións de rescisión dos contratos. Esta última circunstancia está a orixinarlle, así mesmo, prexuízos notables aos concellos. O proceso de terminación dunha obra que foi rescindida supón para a Administración un custo adicional que supera amplamente a do orzamento de adjudicación, pois vese na obriga de habilitar un novo procedemento de licitación, o que orixina importantes dilacións na posta en servizo dunha obra. Todas estas circunstancias implican que non se está a respectar o horizonte temporal previsto inicialmente nas bases do Plan REACPON.

En todo expediente de contido económico conflúen dous tipos de normas: de legalidade substantiva e de legalidade financeira, aplicables ás diferentes actuacións da Administración.

Desde o punto de vista xurídico, establécese que todos os actos deben ser sempre adoptados polo órgano competente. Desde o punto de vista económico, como se recolle no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o órgano competente deberá adoptar os actos de autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento fase no momento oportuno do procedemento.

Os acordos de recoñecemento da obriga e libramento do crédito implican que previamente as actuacións subvencionadas deben estar rematadas na súa totalidade e xustificadas. Na conxuntura actual isto non será posible se non se estende a vixencia do Plan.

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas prevé a ampliación de prazos, tanto de oficio coma a petición das persoas interesadas. De acordo co artigo 32, esta ampliación podería acordarse antes do vencemento do prazo que se vai ampliar, se as circunstancias o aconsellan e non prexudica dereitos de terceiras persoas, por un prazo que non



exceda da metade do inicial. Así mesmo, o artigo 70 do Regulamento da LXS establece que, salvo precepto en contrario nas bases reguladoras, o órgano concedente da subvención poderá acordar unha ampliación do prazo de presentación da xustificación que non exceda a metade deste.

O Plan REACPON, segundo se sinala na base 16^a das reguladoras, estende a xustificación ata o 30/09/2023 polo que debe entenderse que o programa está vixente na actualidade.

Para computar os prazos que se van ampliar tense en conta o prazo do que dispoñían as entidades beneficiarias desde a concesión das subvencións, é dicir, desde o 17/12/2021 ata o límite máximo previsto nas bases, o 30/09/2023.

Así mesmo, a prórroga do Plan non produciría indefensión, nin prexuízo algún aos 47 concellos da provincia incluídos no programa, dado que todos eles se benefician da ampliación dos prazos.

O artigo 70 do Regulamento da LXS remite ás normas do procedemento administrativo común, que esixen a motivación da ampliación de prazos. Queda recollido no expediente a concorrencia dos motivos que aconsellan esta ampliación, derivada de circunstancias sobrevidas e imprevisibles, que, en calquera caso, quedan fóra do control tanto da Deputación coma dos concellos.

Visto todo o anterior considérase que, ao cumprirse o recollido en puntos anteriores, debería permitirse a prórroga do Plan REACPON, dado que as circunstancias así o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas.

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas; con base na documentación relativa ao citado plan que obra no expediente; á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación, do 16 de xaneiro de 2023, da Secretaría Xeral, do 17 de xaneiro de 2023, da Intervención provincial, do 17 de xaneiro de 2023, e o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social, emitido en data 20/01/2023; de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno acorda por unanimidade:



1.º Prorrogar o prazo de execución dos investimentos acollidos no Plan REACPON, ata o 31 de decembro de 2023.

2.º Prorrogar o prazo de xustificación dos investimentos acollidos no Plan REACPON, ata o 31 de maio de 2024.

8.7927.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA OBRA “RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA ESTRADA EP-8005 RÚA DO PARQUE/TRAVESÍA DONA URRACA (CALDAS DE REIS)” E EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN (EXPTE. 2023000960)**

Sra. Presidenta.- No punto 8. Aprobación inicial do proxecto construtivo da obra de recuperación de espazos públicos e mellora da mobilidade peonil na estrada provincial Rúa do Parque-Travesía Dona Urraca en Caldas de Reis. ¿Algunha intervención? Pois o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

“Antecedentes.

1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o proxecto construtivo de obras de “Recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na estrada EP-8005 (Rúa do Parque, Caldas de Reis)” no contorno da Igrexa e Cemiterio parroquial de Santa María. É un tramo do Camiño Portugués, frecuentado diariamente por moitos peregrinos que actualmente atravesan a rúa sen itinerario peonil ningún



reservado para eles. Por esta razón é necesario levar a cabo unha actuación na zona que, a maiores de dignificar o entorno patrimonial existente, garanta a seguridade viaria e a mobilidade peonil na totalidade da rúa.

O orzamento das obras proxectadas é de catrocentos corenta e catro mil oitocentos cincuenta e oito euros con setenta e catro céntimos (444.858,74 €).

2. Para a execución do proxecto é necesario ocupar 418,21 m² da parcela con referencia catastral 9264403NH2196S0001UY, titularidade do Ministerio de Interior, situada en solo urbano consolidado fóra das aliñacións establecidas no Planeamento.

Conforme ao artigo 20.a) da Lei 2/2016, do Solo de Galicia e 30.a) do seu Regulamento, aprobado por Decreto 143/2016, de 16 de febreiro, os propietarios teñen o deber de “ceder gratuitamente ao concello os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente”.

Logo da remisión de distintos borradores de convenio de colaboración ao Concello para a execución das obras, non se acreditou a concorrencia do suposto previsto no antedito artigo 20.a) da Lei 2/2016, nin a formalización da cesión da propiedade da superficie afectada; polo tanto, é necesario adquirila por medio de expropiación. Así, o 22-11-2021 remitíuselle ao Concello un novo convenio de colaboración incluíndo a expropiación parcial da parcela referida no antecedente 2.

3. O Pleno da Corporación Municipal aprobou o convenio en sesión de 24-11-2022 e logo da aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación en sesión de 23-12-2022 quedou formalizado o 09-01-2023.

De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos bens e dereitos afectados pola expropiación, 40.157,09 €, finánciase integramente polo Concello de Caldas de Reis con cargo ao Plan Concellos 2021- reinvestimento de baixa (Resolución Presidencial núm. 2022007762 do 3 de novembro de 2022).

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.



- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSTRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

O proxecto das obras - Código Seguro de Verificación CSV: 2WXWUKJR59D3KE0W - redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos dos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais Jaime David Ruibal de Sola, dirixido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Francisco Alonso Fernández.

No anexo 7 do proxecto sinálanse e valóranse os terreos e bens que é necesario expropiar. Está afectada a parcela, titularidade do Ministerio de Interior, con referencia catastral 9264403NH2196S0001UY, situada en solo urbano consolidado fóra das aliñacións establecidas no Planeamento. A superficie obxecto de expropiación é de 418,21 m².



A estimación do xustiprezo, segundo o anexo 7 é o seguinte:

Resumo Valoracións	
<u>Concepto</u>	<u>Valor (€)</u>
Expropiacións	27.183,65
Bens	11.061,20
Premio de afección (5%)	1.912,24
TOTAL EXPROPIACIÓN	40.157,09

- Informe, de 09/01/2023, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
- Informe do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 10/01/2023 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
- Nota simple informativa do Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis de 5 de xaneiro de 2023, na que se indica que consta inscrita como finca 9159 de titularidade do Estado.
- Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no



Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “entenderanse as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares” (artigo 5.1).

3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 10 de xaneiro de 2023 no que sinala que “dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que a rúa se atopa moi próxima ó centro urbano do Concello de Caldas de Reis, con importantes equipamentos públicos situados nas marxes da rúa como son o cuartel da Garda Civil ou o edificio multifuncional do Concello, así como edificacións de gran importancia patrimonial como é a Igrexa de Santa María de Caldas de Reis e o Cemiterio parroquial de Santa María, tratándose a maiores dunha rúa por onde pasan ó ano milleiros de peregrinos ó tratarse dun tramo do Camiño Portugués que vai cara Santiago de Compostela”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:

“1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

a) A declaración de utilidade pública.



b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.

c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.

d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.

e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteproxecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG).”

4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos



-información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

“a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.

b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo ó planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:

1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.

“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.

b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.

c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente”.



Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que á aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12-02-2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5ª Aprobación do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considérase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva corresponderíalle á propia Entidade local, sendo así mesmo a



competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considérase que existe afección significativa nos seguintes supostos: “1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico”.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría segundo ten sinalado en informes precedentes (12-02-2021 expediente con referencia 2021002891), logo do informe favorable da Intervención Xeral e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na estrada EP-8005 (Rúa do Parque, Caldas de Reis)” cun orzamento de 444.858,74 € e 40.157,09 € de expropiacións.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de



utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do Concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

Nº DE ORDE	REF. CATASTRAL	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	AFECCIÓN SOLO			AFECCIÓN BENS				VALORACIÓN	
			SOLO EXPR. (m ²)	VALOR		BENS		VALOR		5% P.A. (€)	TOTAL (€)
				PREZO UNITARIO (€/m ²)	TOTAL (€)	MED.	DESCRÍC.	PREZO UNITAR.	TOTAL (€)		
1	9264403NH2 196S0001UY	Solo Urbano	418,21	65,00	27.183,65	1,00	Ud. Traslado de portal	90,00	90,00	1.912,24€	40.157,09€
						44,40	m ³ Muro perimetral	100,00	4.440,00		
						8,456+ 10,528	m ³ Edificación leñeira	100,00	1.898,40		
						32,328 + 14,00	m ³ Edificacións cocheira	100,00	4.632,80€		



9.7928.- **MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) E DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) NA QUE SE SOLICITA DA XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DE INTERESE GALEGO E DO GOBERNO DE ESPAÑA A DECLARACIÓN DE ZONA AFECTADA GRAVEMENTE POR UNHA EMERXENCIA DE PROTECCIÓN CIVIL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA AZOUTADOS POLOS TEMPORAIS DO PASADO NADAL E, POR TANTO, A DISTRIBUCIÓN URGENTE DE AXUDAS AOS CONCELLOS, PERSOAS E EMPRESAS (EXPTE. 2023003175)**

Sra. Presidenta.- No punto 9. Moción do Grupo Provincial do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego na que se solicita da Xunta de Galicia a declaración de emerxencia de interese galego e do Goberno de España declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil nos concellos da provincia de Pontevedra azoutados polos temporais do pasado Nadal e polo tanto a distribución urxente de axudas aos concellos, persoas e empresas. Ten a palabra Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta. Buenos días a todas y a todos. El 19 de diciembre pasado un temporal dejó importantes lluvias en las zonas del Salnés e Caldas de Reis, especialmente en Vilagarcía, con vientos de hasta 140 km./hora. En nochebuena también se vió afectado O Morrazo y en menor medida Vigo, pero fue el temporal de nochevieja el que causó más dificultades en nuestra provincia. De 400 incidencias registradas en Galicia casi la mitad, 200, fueron en territorio provincial, viviendas, estradas, muros, sufrieron, desde luego, estas inclemencias del temporal. Hubo cuantiosos daños en Tomiño, A Guarda, Vigo, y en todo el sur de la provincia. Por si esto fuese poco los temporales Fien y Gérard completaron los estragos con un regueiro muy importante de incidencias en toda la provincia, hasta 150, y en lo que corresponde a la Diputación el hundimiento de la estrada de Campañó fue ciertamente la parte más grave. Por lo tanto, por lo tanto, estamos a suponer un elevado coste para esta administración provincial. No cabe duda que la Xunta de Galicia es la que tiene que hacer frente a sus competencias, al igual que están haciendo los concellos y la Diputación. En



estas situaciones ni el Presidente ni ningún Conselleiro ni los Delegados Provinciales de la Xunta de Galicia tuvieron la menor delicadeza para acercarse a los lugares en los que esto ocurría, inaudito, esto ni siquiera ocurría con Feijóo aunque es evidente que los Delegados y las Delegadas de la Xunta en realidad son delegados del Partido Popular. ¿Cuándo se reaccionó por parte de la Xunta? Cuando los alcaldes afectados se reunieron con la Presidenta de esta Diputación, con Carmela Silva, en su calidad de Presidenta del Partido Socialista de Galicia (Partido PSdeG-PSOE); se reunió con los alcaldes afectados para reclamar lo que entendemos que es la piedra angular de este tema, y es la declaración de emergencia de interés galego por parte de la Xunta de Galicia, en previsión de la Ley de Emergencias de Galicia. Hasta este momento el silencio de la Xunta es absolutamente sepulcral, porque hay precedentes, en el año 2016, cuando hubo inundaciones en Redondela, el entonces Vicepresidente Alfonso Rueda, si se presentó allí e hizo anuncio de indemnizaciones y de obras por un total de 263.000 euros. ¿Qué significa esto? Que se niegan las ayudas por parte de la Xunta cuando los concellos son de otro color político, ciertamente escandaloso. Pero hay más, a la hora de hablar de la incoherencia del Partido Popular, en el 2007 cuando el Sr. Feijóo era el Portavoz de la oposición en el Parlamento de Galicia pedía y exigía a la Xunta que se aprobase una Ley para garantizar que las indemnizaciones por inundaciones y otras catástrofes se pagasen en menos de quince días, decía que se estaba tardando mucho; catorce años de gobierno de Feijóo, amnesia total, esta ley nada se sabe y por lo tanto no hay una norma que obligue a lo que el reclamaba en el año 2007. Pero es que también aquí se reclamaba de la Xunta de Galicia, el Presidente de esta institución, Rafael Louzán, en el año 2006 urgía a la Xunta de Galicia a que con la mayor celeridad posible se pagara a los afectados por las riadas de temporal, y decía, pásmense ustedes, el Sr. Louzán, que bastante tenía la Diputación con arreglar las carreteras provinciales que a él le correspondía, ciertamente, en esto es en lo único que coincidimos. Ahora, en 2023, la Xunta condiciona el ejercicio de sus competencias a que se firme un convenio con Diputación y con el Estado, no hay situación similar en todo el Estado Español de que se condicione las competencias de una Comunidad Autónoma a tener que acordar con las otras dos administraciones. Pero les queremos decir que sí que estamos preocupados, les queremos decir que estamos preocupados por este tema y que creemos que lo que se debe de hacer, como decimos en nuestra moción, es instar a la Xunta de Galicia a aplicar la Ley de Emergencias; segundo, a que emita informe para solicitar del Estado los daños en zonas, zona afectada gravemente y estamos dispuestos a que la Diputación



complementariamente tenga un plan complementario de ayudas una vez que la Xunta haga uso de sus competencias que le corresponde. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Non hai máis intervencións, polo tanto someto a votación esta moción do Grupo Provincial do Partido Socialista na que se solicita da Xunta de Galicia a declaración de emerxencia de interese galego e tamén do Goberno de España a declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil nos concellos da provincia de Pontevedra. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda aprobada por 16 votos a favor –están todos vostedes, ¿verdade?- e 11 votos en contra.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos en contra do PP, aprobar a Moción conxunta presentada polos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG, pola que se solicita da Xunta de Galicia a declaración de emerxencia de interese galego e do Goberno de España a declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil nos concellos da provincia de Pontevedra azoutados polos temporais do pasado Nadal e, por tanto, a distribución urxente de axudas aos concellos, persoas e empresas, cuxo contido o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o pasado Nadal, e moi especialmente durante as xornadas dos días 19 de decembro, así como durante a Noiteboa e a Noitevella, unha sucesión de temporais varreu o territorio galego. A provincia de Pontevedra foi, segundo os datos dos servizos de Emerxencias de Galicia a máis afectada. Baste o dato de que case 200 das 400 rexistradas durante o 1 de xaneiro estiveron localizadas na nosa provincia.

Os danos foron cuantiosos en varios concellos situados especialmente no sur da provincia. Os estragos afectaron ao funcionamento de servizos básicos como grandes colectores de augas residuais, que tiveron que ser reparados polos concellos sen recibir axuda algunha da Xunta de Galicia. Tamén resultaron danadas estradas, equipamentos municipais e vivendas da veciñanza, así como instalacións de empresas. A "factura" para os concellos é cuantiosa e vai supor unha lousa para as economías municipais neste 2023.

A Xunta de Galicia mantén un clamoroso silencio diante desta situación e non fixo movemento algún ata que varios alcaldes e alcaldesas da provincia expresaron o seu malestar para esixir a aprobación da declaración da Emerxencia de Interese Galego. A presenza institucional do Goberno galego en apoio aos concellos afectados ten sido nula.



Non cabe dubidar de que a Xunta ten competencias directas nesta materia. A propia Lei de Emerxencias de Galicia establece no seu artigo 36 que o Consello da Xunta declarará a Emerxencia de Interese Galego en situacións de graves danos. Esta declaración habilita, ademais, para as modificacións orzamentarias necesarias. O artigo 38 engade que o Consello da Xunta aprobará o Decreto polo que se regularán os criterios para o reparto das subvencións. Ademais, as Entidades Locais teñen recoñecida expresamente na Lei de Emerxencias de Galicia a facultade de solicitar a declaración de Emerxencia de Interese Galego (artigo 27).

Os concellos, a veciñanza e as empresas afectadas non poden seguir agardando máis por unha Xunta que se resiste a exercer as súas competencias. Ademais esixen que unha eventual distribución de axudas, se a Xunta accede finalmente a declarar a Emerxencia Galega, se faga con máis transparencia e obxectividade do que se fixo durante as dúas anteriores emerxencias galegas declaradas durante o 2016, a causa da vaga de lumes, e no 2021, a causa da pandemia. No primeiro caso as axudas para os concellos e particulares foron escasas e opacas. No segundo, inexistentes para o caso dos concellos, que quedaron desamparados na loita contra a covid19.

Por outra banda, o Goberno do Estado debe tamén valorar se se dan os criterios fixados no artigo 23 da Lei do Sistema de Protección Civil para a aprobación da Declaración de Zona Afectada Especialmente por unha Emerxencia de Protección Civil e distribuír, deste xeito, axudas estatais de xeito complementario ás da comunidade autónoma, tal e como regula a lexislación estatal para os casos de paralización de servizos públicos e previo informe xustificativo da comunidade autónoma. No ámbito das competencias estatais, a Subdelegación do Goberno xa anunciou na nosa provincia a reparación de infraestruturas litorais polo Servizo de Costas e, ademais, informou da dispoñibilidade para a cidadanía das axudas reguladas a través do RD 307/2005 que habilita subvencións estatais para paliar danos na vivenda habitual ou en "enseres básicos" en situacións catastróficas.

Diante desta situación, o Pleno da Deputación de Pontevedra, ACORDA:

1. Reclamar da Presidencia da Xunta de Galicia, de acordo co previsto no artigo 27.2 c) da Lei de Emerxencias de Galicia, que impulse a aprobación, coa máxima urxencia, da declaración da Emerxencia de Interese Galego nos concellos afectados polos temporais do pasado Nadal e que aprobe tamén o Decreto que determine os criterios obxectivos para o reparto das axudas autonómicas a concellos, cidadanía e empresas.
2. Reclamar da Presidencia da Xunta que emita informe sobre os danos rexistrados nas catro provincias galegas e inste ao Goberno do Estado á aprobación da declaración de Zona Afectada Gravemente por unha Emerxencia de Protección Civil, de acordo co artigo 23.1 da Lei estatal do Sistema de Protección Civil.”

10.7929.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA RECLAMAR AO GOBERNO**



**CENTRAL MÁIS MEDIOS E MÁIS AXENTES DA
GARDA CIVIL NAS ZONAS RURAIS E GARANTIR
SEGURIDADE (EXPTE. 2023003676)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ó punto 10 da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para reclamar ao Goberno central máis medios e máis axentes da Garda Civil nas zonas rurais e garantir seguridade. Ten a palabra a Sra. Pardo.

Sra. Pardo Pumar.- Muchas gracias Presidenta. Buenos días. Antes de comenzar mi intervención creo que es necesario, primero, mostrar desde nuestro grupo provincial, entiendo que así lo hará toda la Corporación, nuestro más sincero apoyo y condolencias a la familia de Diego Valencia, el sacristán que fue asesinado antes de ayer en Algeciras. Entonces esto es lo primero que quiero decir. Dicho lo cuál entro ya de lleno a presentar la moción que va a ser objeto de debate y votación en el Pleno de esta Diputación de Pontevedra, que es en relación a dotar de más mecanismos, tanto materiales y de medios humanos, a la Guardia Civil para garantizar la seguridad en las zonas rurales de nuestra provincia de Pontevedra. La tasa de criminalidad en nuestra provincia ha experimentado un incremento durante los primeros 9 meses de 2022, que hemos visto que además no ha mejorado según los datos publicados en este tercer trimestre, que han sido ofrecidos por la Secretaría de Estado de Seguridad de Ministerio del Interior, se ha visto incremento en un 20,4% en lo que se refiere a infracciones penales. Concretamente en nuestra provincia se ha incrementado substancialmente la sustracción de vehículos en un 54,1%, los hurtos en un 50,2, los robos con violencia en un 40% y los robos con fuerza en domicilios, locales y otros establecimientos y allanamientos de morada en un 33%. Y es precisamente en la zona del rural donde han sufrido un mayor incremento entre otros, los robos, hurtos en domicilios y el allanamiento de morada, y es que, ya digo, siempre según los datos de la Secretaría de Estado, es ni más ni menos el 56, son el 56% de los delitos son cometidos en el rural de la provincia de Pontevedra. Con estos datos es evidente que es necesario reforzar la seguridad en las zonas rurales de Pontevedra, dotando evidentemente de mayor mecanismos y de mayor medios. Dentro de los concellos afectados podemos destacar, por ejemplo, Ponte Caldelas, La Lama, Fornelos de Montes, Cerdedo-Cotobade, La Cañiza, entre otros. Esta situación de incremento de la tasa de criminalidad unida a esa falta de medios técnicos y de medios personales es lo que ha hecho que nuestros vecinos sientan esa sensación de inseguridad y una gran preocupación ante esta situación.



No podemos olvidarnos que la seguridad es uno de los elementos que influyen de manera directa en la calidad de vida de las personas, la sensación de seguridad y la seguridad en sí es de especial importancia en el mundo rural, en estos momentos, porque hemos visto a través de estos datos que se ha convertido en el objetivo de estos delincuentes, lo cual sumado al problema demográfico, al que asistimos hoy en día, hace necesario que se deba trabajar para reforzar la seguridad. Evidentemente, sin seguridad será mucho más difícil que la gente pueda tomar una decisión de asentamiento en una determinada zona rural. La mayoría de los cuarteles de la zona rural de nuestra provincia de Pontevedra están sufriendo una clara merma en los recursos técnicos y humanos en los últimos años, por poner un ejemplo, el cuartel de Ponte Caldelas que debería estar compuesto por un sargento, un cabo y 7 guardia civiles a fecha de hoy se encuentra con que 4 de estos 7 guardia civiles se encuentran en comisión de servicios a otras unidades, y otro de ellos en una reducción de jornada debidamente concedida, pero es evidente que nos encontramos con un cuartel que tiene menos del 50% del personal y que, por lo tanto, se ve degradada en la atención a la ciudadanía. Cuarteles en los que más del 50% de los de la provincia prestan servicios solamente 3 días a la semana, no hay una asistencia de 24 horas ni tampoco en lo que sería atención al ciudadano ni de fines de semana. Esta situación de reducción de efectivos coincidiendo, evidentemente, con un claro incremento de la tasa de criminalidad, especialmente, como ya hemos dicho, en robos y hurtos, genera evidentemente un claro aumento de inseguridad. Por ello, es necesario dotar de un incremento de la plantilla, no solamente un incremento de medios humanos sino también especialmente de los recursos técnicos, de que sirve incrementar una plantilla si luego no lo dotamos de los medios necesarios para garantizar lo que es la seguridad ciudadana. Sólo por poner un ejemplo, podemos hablar de la necesidad de los vehículos que hay en la Comandancia de la Guardia Civil, también podemos hacer referencia a que nuestros agentes de la Guardia Civil de 1.554 efectivos solamente tienen chalecos de protección individual, algo tan esencial como estos, 570 policías, esto quiere decir que sólo el 33% de la plantilla tiene chalecos de protección individual. Es evidente que la seguridad es un elemento esencial y clave; es evidente que se debe de garantizar de seguridad para que la Guardia Civil pueda efectivamente ejercer sus funciones de manera efectiva y eficaz en las zonas del rural que tanto lo necesitan. Por eso yo les pido su voto a favor de esta moción. Muchas gracias.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta de nuevo. Una vez más el Partido Popular trae a este Pleno una moción contradiciendo las acciones del gobierno del Partido



Popular en el Estado, es decir, con Rajoy como Presidente. Resulta que se preocupan ahora por los efectivos y medios de la Guardia Civil, cuando los recortes del Sr. Rajoy, como Presidente del Gobierno, gobernaba, no se preocuparon ustedes de esos recortes durante 8 años. Da muchos datos la Sra. Pepa Pardo pero también le voy a dar yo datos frente a la demagogia. Vayamos a la situación de las fuerzas y cuerpos de seguridad del Estado en Galicia, con el Partido Popular había un total de 8.299 agentes en el año 2018, hoy hay 8.793, quinientas personas más; y si hablamos de la Guardia Civil en concreto ha pasado de 5.172 en gobierno de Rajoy a 5.344, es decir, 172 más. Perdón Presidenta, el reloj está parado. En la provincia, sigo con los datos, en la provincia de Pontevedra el número de efectivos de las fuerzas y cuerpos de seguridad del Estado era de 2.684 con el Sr. Rajoy, hoy son 171 más, 2.855, y aquí en la provincia el número de Guardias Civiles pasó de 1.608 a 1641, es decir, incrementando 33. Mire Sra. Pardo, en España durante el gobierno del Sr. Rajoy la Guardia Civil perdió en su conjunto el 7% de los efectivos, pasó de 82.700 Agentes a 76.800 esta es la realidad. Y en cuanto a medios en la provincia, ¡hombre!, habrá que reconocer la apuesta que está haciendo este gobierno con un nuevo puesto de Guardia Civil en Vilanova de Arousa, pronto se abrirá otro en Bueu y con obras importantes en Cambados que tendrá una base de 131 Guardias Civiles. Miren, practican ustedes el filibusterismo político, cuando gobiernan ustedes en el Estado miran para otro lado y, sorprendentemente, no se dan cuenta de los recortes. La realidad es que hoy la Guardia Civil vive de los recortes de los 8 años del gobierno del Sr. Rajoy; este es el Partido Popular de Rajoy, de Feijóo, también del Sr. Cubela. En esta moción hablan ustedes de estadísticas del 2022; a ustedes les encanta hacer demagogia con las estadísticas de criminalidad, pero dado que lo saca vamos a hablar las reales no las que de verdad usted inventa. Según los datos oficiales en la provincia de Pontevedra tenemos una tasa de criminalidad de 29 delitos por 1.000 habitantes; en Galicia es de 32 y en España es de 34, es decir, de media tenemos 5 puntos menos que en España. Incremento de dotaciones, por supuesto que estamos de acuerdo como tendría que estar de acuerdo todo el mundo, lo que ocurre es que hoy lo que estamos haciendo en la realidad es revertir los recortes de 8 años del Partido Popular de Rajoy y solucionando los problemas que aquel gobierno dejó. Miren, en la anterior moción les hacía una propuesta constructiva, también aquí les voy hacer una propuesta constructiva, y la realidad, porque estamos hablando de Galicia, es que la Xunta de Galicia aumente los efectivos de la unidad adscrita de policía autónoma y que cree, dado que les preocupa a ustedes tanto el rural, un grupo específico para el rural. Pero también les propongo, y debería de salir de



ustedes, que Galicia desenvuelva, desarrolle, las previsiones de la Ley de Policías de Galicia del año 2007 y consolide el nacimiento de la policía autonómica. Sra. Pardo, Euskadi, Cataluña, Navarra y hasta Canarias, han sido capaces de asumir una policía autonómica, 14 años de fracaso del Partido Popular y estamos sin policía autonómica desarrollada, porque es que además la tercera parte de nuestra propuesta constructiva es que encima tienen ustedes el instrumento, el gobierno de la Xunta de Galicia tiene un “Plan Estratégico Galicia”, pomposamente llamado así para 2021-2030, que todavía en el 2023 no empezaron a aplicar; aplíqueno, porque fíjese, y posiblemente no lo haya leído, en ese plan que es el suyo, el del Partido Popular y el del gobierno de la Xunta de Galicia, se dice literalmente: “potenciar a seguridade pública a través do corpo nacional de policía adscrita á Xunta de Galicia”, tienen los medios ...

Sra. Presidenta.- Sr. Font, le voy a quitar el tiempo porque uso de más y tengo que ser, no, no, pero yo tengo que ser justa. Sra. Pardo, si quiere facer uso da palabra.

Sra. Pardo Pumar.- Mire, Sr. Font, yo no me invento los datos, los datos son de la Secretaría de Estado de Seguridad, del Ministerio del Interior. Incremento de la tasa un 20,4%, 2022, son sus datos no son los míos, los suyos, entonces quizá deba usted consultar la página web actualizada respecto a los datos de tasas de criminalidad, y no sólo de criminalidad sino también de efectivos. Me dice usted que ha habido recortes y que los efectivos de la Guardia Civil, con el gobierno del Partido Popular de Mariano Rajoy, eran mucho menores de los que hay actualmente. Pues mire, le voy a hacer la comparativa y ahora mismo le voy a enseñar de donde he sacado los datos, una respuesta dada por ustedes a una pregunta parlamentaria y que responde exactamente cuáles son los datos exactos de personal de la Guardia Civil en la provincia de Pontevedra. Mire, en el último año de gobierno del Partido Popular del 2017, de un catálogo de 1.687 Guardias Civiles estaban ocupados 1.552; en el año 2022 de un catálogo de 1.692 están ocupados 1.554 de esto resulta un déficit de agentes de 138, ustedes en 5 años, no sé de dónde saca todos esos números, ¡la verdad!, no ha debido de consultar la web, en todos estos 5 años solamente han incrementado 2 agentes de la Guardia Civil, con un catálogo total y absolutamente obsoleto, que no han tenido a bien renovar ni revisar en estos 5 años. Esto no lo digo yo esto lo dicen ustedes en su respuesta a una pregunta parlamentaria de este año. Datos actualizados de todos los años, se ha pedido para poder hacer la comparativa debida y adecuadamente; lo que ustedes quieren decir es una falacia, no es cierto que con ustedes se haya



incrementado, ustedes están desmantelando los puestos de la Guardia Civil del rural de la provincia de Pontevedra y de toda España, y así no puede haber seguridad. Miren, yo les digo una cosa, deben de ser ustedes la única Diputación que vaya a votar en contra de esta moción, que lo único que viene es a pedir seguridad, es a pedir que se dote de medios para que lleven de manera digna su trabajo las fuerzas y cuerpos de seguridad del Estado, en concreto la Guardia Civil que tan buena labor desarrolla en el ámbito de la zona rural, que sus 178 años de existencia han dado su vida por España y por garantizar la libertad y el ejercicio de nuestros derechos constitucionales pero para poder cumplir estos objetivos y para poder hacerlo se les debe de dotar de los mecanismos adecuados: incremento de personal y mecanismos; y los datos son los que son y son del Ministerio. Muchas gracias.

Sr. López Font.- La verdad es que habla usted Sra. Pardo de ustedes como si nosotros fuésemos el Gobierno central, si esta Diputación no tiene competencias ni en materia de seguridad ni en materia de inundaciones ni cosa por el estilo. Mire, voy a rebatirle los datos, los datos que yo di son de la Delegación del Gobierno y de los ministerios competentes, y los datos son que en el conjunto del Estado se han incrementado 500 efectivos, que en la provincia se han incrementado 170 efectivos y que el Sr. Rajoy dejó en 8 años de gobierno, no me hable ni del último ni del primero, en los 8 años de gobierno se cargó para que nos entendamos todos un 7% de la plantilla de la Guardia Civil. Por lo tanto, resulta bastante incomprensible lo que usted plantea. Pero bueno, yo ya veo que realmente la seguridad de Galicia, la seguridad de la provincia de Pontevedra y en concreto del rural, a usted poco le importa, porque hay un instrumento, se lo vuelvo a recordar, que es el Plan Estratégico de Galicia 2021-2030, hay un fracaso del gobierno del Partido Popular en la Xunta de Galicia por no ser capaz en 14 años de desarrollar una policía autonómica que daría resolución a todo lo que usted plantea y también al rural. Pero mire, Sra. Pardo, la Xunta se las compuso rápidamente para pedirle a la unidad de Galicia el que vigilase los caminos en el rural cuando ha sido el año Xacobeo, para eso se las compones ustedes de inmediato, y es responsabilidad en ese sentido de la Xunta de Galicia, que le recuerdo que cuando estuvimos en plena pandemia con el fracaso de efectivos que tienen ustedes en seguridad en Galicia no eran capaces ni de cubrir la vigilancia de los edificios públicos. Por lo tanto, hay una unidad adscrita a nivel de Galicia que tiene competencias suficientes y la pregunta que se tiene que hacer usted es ¿hay efectivos suficientes para esto? O las deben de ejercer las fuerzas y cuerpos del Estado y Xunta de Galicia no tiene absolutamente nada que hacer.



Mire, las estadísticas hablan también en la moción, dentro de esta demagogia del discurso que ustedes tienen de robos con fuerzas en viviendas, si sólo se han producido 10 más de un año a otro, si las infracciones penales en el Concello de Cerdedo-Cotobade fueron 103 en el año 2021 y se ha repetido 103 en el año 2022. Por lo tanto, nosotros aquí, Sra. Pardo, queremos decir que se ha mejorado en el conjunto de los efectivos que se tienen del gobierno de Rajoy al actual gobierno, acabamos felicitando al conjunto de las fuerzas y cuerpos de seguridad del Estado por la tarea que desarrollan y también nuestra máxima solidaridad por aquellos que sufren este tipo de incidentes. Gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Ten a palabra Sra. Pardo.

Sra. Pardo Pumar.- Si, muchas gracias Presidenta de nuevo. La realidad Sr. López Font es que a ustedes se ve que no les importan las zonas del rural de la provincia de Pontevedra, porque mientras que en la Diputación de Huesca esta misma moción salía adelante por unanimidad por todos los grupos políticos, aquí es imposible porque ustedes hacen un seguidismo ciego de los intereses de Madrid. La realidad, Sr. López Font, es que ya tardaba usted en tirar de esa falta de competencias, estamos instando al Gobierno Central para dotar de mayor seguridad a nuestra provincia y a las zonas del rural, porque no hay medios ni humanos ni técnicos suficientes de la Guardia Civil para dar cobertura a la zona del rural. Los datos, ya le digo, usted debe de tener unos pero es que los míos son sacados directamente y respondidos por ustedes a respuestas parlamentarias, la última de junio de 2022, y las demás consultadas en la página web en la mañana de hoy las tasas de criminalidad actualizadas al último trimestre del 2022. Por favor, pónganse ustedes un poco al día y véanlo, esto va de seguridad. Que usted me salga ahora con el tema de la policía autonómica y de que si se dotó de seguridad al Camino de Santiago, sólo faltaba, Sr. López Font, que no se hubiera dotado de seguridad al Camino de Santiago donde había que dotarlo y era necesario, donde llegaron a producirse agresiones sexuales, ¡claro que hay que dotar de seguridad! Y que usted critique esto me parece contra todo. Usted quiere reforzar la policía autonómica, ¡muy bien! Pues apoye la petición de la Xunta de Galicia al Ministerio, al Gobierno para que amplie las plazas porque como usted bien sabe tenemos un déficit de un 73% en la policía autonómica porque el Gobierno central no tiene a bien convocar las vacantes para poder cubrir las. Así que quiere que le diga, consejos vendo que para mí no tengo. Qué pena que no hayan ustedes apoyado una moción para mejorar la seguridad en el rural, una moción para dotar y devolver la dignidad a la Guardia Civil, que tanto ha hecho



por España y que tanto ha hecho por el rural de esta provincia, todo mi agradecimiento para ellos. Muchas gracias.

Sra. Presidenta.- Someto a votación esta moción do punto 9, perdón, 10 da orde do día. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? Queda rexeitada por 16 votos en contra e 11 a favor.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría de votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG e cos votos a favor do Partido Popular (PP), rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para reclamar ao Goberno central máis medios e máis axentes da Garda Civil nas zonas rurais e garantir seguridade.

11.7930.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A QUE DISPOÑA DE FONDOS SUFICIENTES PARA CUBRIR TODAS AS SOLICITUDES PRESENTADAS EN TEMPO E FORMA DO PROGRAMA DUS 5000 (EXPTE. 2023003882)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ó punto 11 da orde do día. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Central a que dispoña de fondos suficientes para cubrir todas as solicitudes presentadas en tempo e forma do Programa DUS 5000. Ten a palabra o Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Gracias Presidenta, moi bos días. Como todos saben o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, dotado con máis de 140 mil millóns de euros, traza a folla de ruta para a modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico e a creación de emprego, para a reconstrución despois da pandemia do Covid 19. O Programa DUS 5000 era de dar un impulso aos municipios de reto demográfico mediante actuacións que constituísen proxectos singulares de enerxía limpia como, por exemplo, proxectos de eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas públicas, proxectos de fomento dos investimentos verdes e proxectos que inclúisen medidas de aforro enerxético e redución da contaminación lumínica mediante a mellora da iluminación pública. Este programa, o Programa DUS 5000, que estivo vixente ata as 13:00 horas do 7 de novembro de 2022, contaba cunha



15.7934.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO Ó CUMPRIMENTO DURANTE O 4º TRIMESTRE DO 2022 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (EXPTES. 2023003180-2023002573)**

Sra. Presidenta.- No 15. Dar conta do informe de Intervención relativo ao cumprimento durante o 4º trimestre do 22 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Non hai intervencións. Queda enterado.

A Intervención con data 13 de xaneiro de 2023, elaborou un informe dando conta do cumprimento pola Deputación de Pontevedra, a Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e o Consorcio contra incendios Deza-Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o cuarto trimestre do 2022, en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, onde se deixa constancia do seguinte:



“A Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 4º trimestre de 2022, que se expón a continuación:

INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2022

1. Con referencia á data de conformidade da factura

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	9	4.218	15.579.694,73 €	38	275.860,19 €
Escola de Enfermería	7	12	9.586,95 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	15	207	226.500,90 €	1	3.605,80 €
Consorcio Deza e Tabeirós	13	96	52.415,92 €	0	0,00 €

➤ Facturas pendentes de pago:

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	14	69	208.098,09 €	7	10.751,68 €
Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €



Consortio Provincial	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0	0,00 €	0	0,00 €

2. Intereses de demora pagados

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base ós cálculos detallados neste informe podemos concluír que **se cumpre** co prazo de pago a provedores legalmente establecido.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión ordinaria do día 20 de xaneiro de 2023 tivo coñecemento do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios Deza Tabeirós, durante o cuarto trimestre de 2022, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

De acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Pleno queda enterado do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o cuarto trimestre de 2022.

16.7935.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 27 DE DECEMBRO DE 2022 (Nº DE REXISTRO 2022009395) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE MUROS DE CONTENCIÓN NA EP-2102 NIGRÁN-**



VINCIOS, PQ 4+700 E PQ 4+950 (CONCELLO DE NIGRÁN)” (EXPTES. 2023003181-2022075637)

Sra. Presidenta.- No punto 16. Dar conta da Resolución Presidencial de 27 de decembro do 22 declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Construción de muros de contención na estrada provincial Nigrán-Vincios”. Se non hai intervencións, queda enterado.

Por Resolución Presidencial número 2022009395, de data 27 de decembro, de 2022 acordouse adxudicar á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF: B-27783463), o contrato para execución da obra “Construción de muros de contención na EP-2102 Nigrán-Vincios, PQ 4+700 e PQ 4+950 (Concello de Nigrán)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 85.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

“Nº Expediente	2022075637
Asunto	Obra de emerxencia para a construción de muros de contención na EP- 2102 Nigrán-Vincios, PQ 4+700 e PQ 4+950 (Concello de Nigrán).
Trámite	Adxudicación.

A Presidenta, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra “Construción de muros de contención na EP-2102 Nigrán-Vincios, PQ 4+700 e PQ 4+950 (Concello de Nigrán)”.

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...Con motivo das intensas choivas que tiveron lugar neste outono, e concretamente o día 19 de decembro, producíronse danos en varios puntos do noiro da estrada provincial EP-2102. Esa estrada ten unha sección moi estreita nos puntos onde se produciron os esvaramentos, sen beiravía e case sen berma. Os esvaramentos deixaron o borde da estrada colgado, e non se pode garantir a estabilidade do noiro. 2. Debido a que non é posible garantir a estabilidade do terraplén e a seguridade do tráfico, foi necesario facer un desvío do tráfico, regulando o tráfico alternativo con semáforos, para afastar as cargas do tráfico



do borde e evitar que a estrada sega decaendo. 3. Para arranxar dunha maneira definitiva a estrada é necesaria a construción dun muro de contención en cada un dos esvaramentos, complementado coa mellora da drenaxe superficial e subterránea da estrada neses puntos. É unha zona moi húmida e afloran filtracións no noiro da marxe esquerda, o que fai presupoñer que baixo a explanada da estrada tamén existen fluxos de auga que provocan estas inestabilidades...”.

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 85.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, propoñéndose á empresa CANTERÍA Y OBRAS MANUEL VAQUERO, S.L. (CIF: B-27783463) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202200262254 por importe de 85.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 26/12/2022 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que se comprobou que con motivo das intensas choivas producíronse danos en varios puntos do noiro da EP-2102, producíndose esvaramento deixando o borde da estrada colgado, sen poder garantir a estabilidade do noiro. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e a seguridade vial dos tramos afectados polos desprendementos do apoio da calzada, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que senón se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme ó artigo 120



da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”.

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxados en que procede, concreta na exixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34.1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidenta.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Construción de muros de contención na EP-2102 Nigrán-Vincios, PQ 4+700 e PQ 4+950 (Concello de Nigrán)”.



2. Autorizar o gasto por importe de 85.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

3. Adxudicar á empresa CANTERÍA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L. (CIF: B-27783463) o contrato de obras “Construción de muros de contención na EP- 2102 Nigrán-Vincios, PQ 4+700 e PQ 4+950 (Concello de Nigrán)” por importe de 85.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	70.247,13 €
IVE (21%).....	14.752,07 €
Importe total.....	85.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

4. Nomear directora de obra á enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, María Elena Pérez Alonso.

O prazo de execución estímase en TRES (3) MESES.

Unicamente se executará o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda a súa tramitación.



Más información en <https://sede.depo.es/>

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2022075637.”

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital na sesión ordinaria do día 20 de xaneiro de 2023 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2022009395, de data 27 de decembro de 2022, pola que se adxudicou á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF: B-27783463) o contrato para execución da obra “Construción de muros de contención na EP-2102 Nigrán-Vincios, PQ 4+700 e PQ 4+950 (Concello de Nigrán)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 85.000,00 euros, IVE engadido.

O Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2022009395 de data 27 de decembro de 2022, pola que se adxudicou á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF: B-27783463) o contrato para execución da obra “Construción de muros de contención na EP-2102 Nigrán-Vincios, PQ 4+700 e PQ 4+950 (Concello de Nigrán)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 85.000,00 euros, IVE engadido.

17.7936.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2022 (Nº REXISTRO 2022009464) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA EP-4402 MONDARIZ-BALNEARIO-VILASOBROSO, PQ 1+500 (CONCELLO DE MONDARIZ)” (EXPTES. 2023003182-2022076061)**

Sra. Presidenta.- Punto 17. Dar conta da Resolución Presidencial de data 29 de decembro do 22 declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Construción de muro de contención na estrada provincial Mondaríz-Balneario-Vilasobroso. Se non hai intervencións, tamén queda enterado o Pleno.



Por Resolución Presidencial número 2022009464 de data 29 de decembro de 2022 acordouse adxudicar á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF: B-27783463), o contrato para execución da obra “Construción de muro de contención na EP-4402 Mondariz-Balneario-Vilasobroso, PQ 1+500 (Concello de Mondariz)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 50.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte.

“Nº Expediente	2022076061
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia "Construción de muro de contención na EP-4402 Mondariz-Balneario-Vilasobroso, PQ 1+500 (Concello de Mondariz)".
Trámite	Adxudicación.

A Presidenta, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe proposta de data 28/12/2022 emitido polos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitouse a tramitación mediante o procedemento de emerxencia a execución do contrato de obras “Construción de muro de contención na EP-4402 Mondariz-Balneario-Vilasobroso, PQ 1+500 (Concello de Mondariz)”.

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...Con motivo das intensas choivas que tiveron lugar a pasada fin de semana, o día 25 de decembro producíronse danos no talude da estrada provincial EP-4402 Mondariz-Balneario–Vilasobroso á altura do PQ 1+500. O drenaxe da estrada non foi capaz de evacuar a auga de escorrenta nun momento de precipitacións moi intensas polo que se produciu desbordamento sobre a estrada e deslizamento da berma do noiro. Este deslizamento deixou o borde da estrada colgado, e non se pode garantir a estabilidade do noiro. Debido a que non é posible garantir a estabilidade do terraplén e a seguridade do tráfico, foi necesario facer un desvío de tráfico, regulando o tráfico alternativo con semáforos, para alonxar as cargas do tráfico do borde e evitar que a estrada se siga desmoronando...”.

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 50.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, propoñéndose á empresa CANTERÍA Y OBRAS MANUEL



VAQUEIRO, S.L.U. (CIF: B-27783463) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202200264931 por importe de 50.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 29/12/2022 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que debido ás intensas choivas producíronse danos no talude da estrada provincial EP-4402 Mondariz-Balneario–Vilasobroso á altura do PQ 1+500, con desbordamento sobre a estrada e deslizamento da berma do noiro. Este deslizamento deixou o borde da estrada colgado, e non se pode garantir a estabilidade do noiro non podendo na súa consecuencia, garantir a seguridade, producindo unha descompresión por falta de prensado que implica grandes riscos para a seguridade estrutural do paso elevado como do conxunto.

Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e evitar o grave risco de colapso da estrutura e o derrube da calzada, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que senón se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme ó artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”.

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade



sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxados en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34.1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro, e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Construción de muro de contención na EP-4402 Mondariz-Balneario-Vilasobroso, PQ 1+500 (Concello de Mondariz)”.
2. Autorizar o gasto por importe de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa CANTERÍA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L.U. (CIF: B-27783463) o contrato “Construción de muro de contención na EP-4402



Mondariz-Balneario-Vilasobroso, PQ 1+500 (Concello de Mondariz)", por importe de 50.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe	41.322,31 €
IVE (21%)	8.677,69 €
Importe total	50.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

O prazo de execución estímase en DOUS (2) MESES.

Unicamente se executará o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación.

Más información en <https://sede.depo.es/>

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. N° Expediente: 2022076061.”



A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital na sesión ordinaria do día 20 de xaneiro de 2023 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2022009464 de data 29 de decembro de 2022 pola que se adxudicou á empresa Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF: B-27783463) o contrato para execución da obra “Construción de muro de contención na EP-4402 Mondariz-Balneario-Vilasobroso, PQ 1+500 (Concello de Mondariz)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 50.000,00 euros, IVE engadido.

O Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2022009464 de data 29 de decembro de 2022 pola que se adxudicou á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF: B-27783463) o contrato para execución da obra “Construción de muro de contención na EP-4402 Mondariz-Balneario-Vilasobroso, PQ 1+500 (Concello de Mondariz)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 50.000,00 euros, IVE engadido.

18.7937.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 9 DE XANEIRO DE 2023 (Nº REXISTRO 2023000055) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA EP-2102 NIGRÁN-VINCICIOS, NO PQ 3+000 (CONCELLO DE NIGRÁN)” (EXPTES. 2023003183-2023000452)

Sra. Presidenta.- E 18. Dar conta da Resolución Presidencial de 9 de xaneiro do 23 declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Construción de muro de contención na estrada provincial Nigrán-Vincios. Tampouco hai intervencións. Queda enterado o Pleno.

Por Resolución Presidencial número 2023000055 de data 9 de xaneiro de 2023 acordouse adxudicar á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF: B-27783463), o contrato para execución da obra “Construción de muro de contención na EP-2102 Nigrán-Vincios, no PQ 3+000 (Concello de Nigrán)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 40.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

“Nº Expediente	2023000452
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia para a "Construción de muro de contención na EP-2102 Nigrán-Vincios, no PQ



	3+000 (Concello de Nigrán)".
Trámite	Adxudicación.

A Presidenta, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe proposta de data 05/01/2023 emitido polos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitouse a tramitación mediante o procedemento de emerxencia da execución do contrato de obras “Construción de muro de contención na EP-2102 Nigrán-Vincios, no PQ 3+000 (Concello de Nigrán)”.

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “(...)Con motivo das intensas choivas que tiveron lugar neste inverno, e concretamente o día 1 de xaneiro, producíronse danos en varios puntos do noiro da estrada provincial EP-2102, concretamente no PQ 3+000.

Esa estrada ten unha sección moi estreita nos puntos onde se produciron os deslizamentos, sen beiravía e case sen berma. O deslizamento deixou o borde da estrada colgado, e non se pode garantir a estabilidade do noiro.

Debido a que non é posible garantir a estabilidade do terraplén e a seguridade do tráfico, foi necesario facer un desvío de tráfico, regulando o tráfico alternativo con semáforos, para alonxar as cargas do tráfico do borde e evitar que a estrada se siga desmoronando.

En conclusión, todo elo está a provocar un risco e unha grave interferencia na circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores. (...)”.

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 40.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, propoñéndose á empresa CANTERÍA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L.U. (CIF: B-27783463) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.



Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202300002625 por importe de 40.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 04/01/2023 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que debido ás intensas choivas producíronse danos en varios puntos do noiro da estrada provincial EP-2102, concretamente no PQ 3+000. Esa estrada ten unha sección moi estreita nos puntos onde se produciron os deslizamentos, sen beiravía e case sen berma. O deslizamento deixou o borde da estrada colgado, e non se pode garantir a estabilidade do noiro.

Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente.

Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e evitar o grave risco de colapso da estrutura e o derrube da calzada, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia.

Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos:

- Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que senón se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos.
- Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia.
- Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP.
- Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do orzamento provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia.”

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade



sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxados en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34.1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Construción de muro de contención na EP-2102 Nigrán-Vincios, no PQ 3+000 (Concello de Nigrán)”.
2. Autorizar o gasto por importe de 40.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa CANTERÍA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L.U. (CIF: B-27783463) o contrato da obra de emerxencia para a “Construción de



muro de contención na EP-2102 Nigrán-Vincios, no PQ 3+000 (Concello de Nigrán)”, por importe de 40.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	33.057,85 €
IVE (21%).....	6.942,15 €
Importe total.....	40.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

O prazo de execución estímase en DOUS (2) MESES.

Unicamente se executará o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizo facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda a súa tramitación.

Máis información en <https://sede.depo.es/>

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2023000452.”



A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital na sesión ordinaria do día 20 de xaneiro de 2023 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2023000055 de data 9 de xaneiro de 2023 pola que se adxudicou á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF: B-27783463) o contrato para execución da obra “Construción de muro de contención na EP-2102 Nigrán-Vincios, no PQ 3+000 (Concello de Nigrán)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 40.000,00 euros, IVE engadido.

O Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2023000055 de data 9 de xaneiro de 2023 pola que se adxudicou á empresa, Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, S.L. (CIF: B-27783463) o contrato para execución da obra “Construción de muro de contención na EP-2102 Nigrán-Vincios, no PQ 3+000 (Concello de Nigrán)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 40.000,00 euros, IVE engadido.

19.7938.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Sra. Presidenta.- No 19. Dar conta das Resolucións Presidenciais. Se non hai intervencións tamén queda enterado o Pleno.

Queda enterado o Pleno da relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 16 de decembro de 2022 e o 23 de xaneiro de 2023.

20.7939.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Presidenta.- Por último, no punto 20, Rogos e preguntas.

Sr. Cubela López.- ... Esa é a política que espera a xente de nós. Sra. Presidenta, queremos que se nos facilite por escrito información ou os títulos dos proxectos que presentou a Diputación ao DUS 5000 e que quedaron excluídos. Nada máis.

Sra. Presidenta.- ... de feito están na páxina do Ministerio.

Sra. Pardo Pumar.- Es un ruego para que se nos informe también por escrito con respecto a la situación de las actuaciones en la EP-0017, la de Campañó, y sobre



si se está levando a cabo el estudio que solicitamos en el ruego del Pleno de finales de noviembre, creo recordar que fue el 22, sobre los problemas de iluminación que había en la misma. Muchas gracias.

Sra. Presidenta.- Le contestaremos por escrito, claro que si. ¿Algunha cuestión máis? Pois se levanta a sesión. Bo día a todas e a todos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as trece horas e vinte e tres minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

